



CONCELLOS

BALEIRA

Anuncios

APROBACIÓN INICIAL DE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE CAMIÑOS DO CONCELLO DE BALEIRA

A Corporación Municipal do Concello de Baleira (Lugo) na sesión plenaria ordinaria do 02 de febreiro do 2022 , aprobou inicialmente a rectificación do inventario de camiños do Concello de Baleira mediante a inclusión do camiño con referencia catastral 27004A056090090000ET.

O expediente sométese ó trámite de información pública durante o prazo de vinte días hábiles , a partir do seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo . Durante o mencionado prazo poderá presentarse cantas reclamacións, alegacións ou suxestións se consideren oportunas ,que serán resoltas pola Corporación Municipal. De non se presentaren reclamacións, alegacións ou suxestións durante o mencionado prazo o acordo de aprobación inicial do inventario entenderáse definitivamente adoptado sen necesidade de novo acordo expreso.

Baleira, 16 febreiro do 2022.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 0546

CASTROVERDE

Anuncio

Que pola xunta de goberno celebrada o día 9 de marzo , ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de febreiro de 2022 , e exponse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 14 de marzo de 2022.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0547

CERVO

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria de 16 de marzo de 2022, o expediente de modificación de crédito núm. 2/2022 por crédito extraordinario núm. 1/2022, dentro do vixente Orzamento Municipal para 2022, que é o prorrogado de 2021, en cumprimento do disposto nos artigos 38 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril e 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e disposicións concordantes, exponse ao público na Intervención do Concello por prazo de 15 días hábiles, que empezarán a contar dende o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao fin de que durante o mesmo os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións, que deberán ser dirixidas ao Alcalde - Presidente desta Corporación.

Cervo, 16 de marzo de 2022. O alcalde; Alfonso Villares Bermúdez.

R. 0580

O CORGO*Anuncio*

Este concello notifica a posibles interesados, que a persoa que se indica a continuación, solicitou autorización de corta de madeira en monte comunal desta entidade local, achegando plano da zona concreta da corta, o que se fai público para que, nun prazo de 15 días hábiles contados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, se poidan formular alegacións e presentar documentos en defensa dos seus dereitos ou intereses lexítimos.

NOME E APELIDOS DO SOLICITANTE	POLÍGONO E PARCELA	MONTE COMUNAL
MANUEL RODRIGUEZ DURO	POLÍGONO 113 PARCELA 3	GOMEAN

O Corgo, 11 de marzo de 2022.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 0548

PEDRAFITA DO CEBREIRO*Anuncio*

O pleno do Concello de Pedrafita do Cebreiro, en sesión ordinaria celebrada en data 10 de marzo de 2022, aprobou inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº1/CE/2022, Modificación orzamentaria nº4/2022, o que de conformidade co establecido no artigo 177, en relación do 169 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, expónse ó público por prazo de quince días, durante os cales, os interesados poderán examinalos e presentar as reclamacións ante o pleno.

Pedrafita do Cebreiro, 11 de marzo de 2022.- O alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 0550

O PÁRAMO*Anuncio*

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 08/03/2022, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de FEBREIRO de 2022, polo importe total de 3.355,14€

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 8 de febreiro de 2022.- O Alcalde- Presidente, D. Jose Luis López López.

R. 0551

MINISTERIO DE FACENDA**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) – BURELA***Anuncio*

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DAS BASES REGULADORAS DO VIII CONCURSO DE LEMAS "21 DE MARZO: DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA DISCRIMINACIÓN RACIAL"

BDNS (Identif.): 614958

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/614958>)

Primeiro. Beneficiarios:

Calquera persoa que así o decida, existindo unha soa categoría. Os menores de idade terán que estar autorizados polo pai/nai ou titor/a.

Segundo. Obxecto:

O obxecto das bases é a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do Concurso de Lemas "21 de marzo: Día Internacional para a eliminación da discriminación racial", organizado polo Concello de Burela.

Terceiro. Bases reguladoras:

A bases reguladoras publícanse na sede electrónica do Concello de Burela e na BDNS.

Cuarto. Contía dos premios:

O premio para o/a gañador/a será:

1º premio: lote valorado en 60 €.

Quinto: Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes dende a publicación do anuncio destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

Burela, 14 de marzo de 2022.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R.0552

Anuncio

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DAS BASES REGULADORAS DO VIII CONCURSO DE DEBUXO-PINTURA "21 DE MARZO: DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA DISCRIMINACIÓN RACIAL"

BDNS (Identif.): 614970

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/614970>)

Primeiro. Beneficiarios:

Calquera persoa que así o decida, sempre e cando teña cumpridos 6 anos o derradeiro día de presentación de traballos.

Segundo. Obxecto:

O obxecto das bases é a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do Concurso de Debuxo - Pintura "21 de marzo: Día Internacional para a eliminación da discriminación racial", organizado polo Concello de Burela.

Terceiro. Bases reguladoras:

A bases reguladoras publícanse na sede electrónica do Concello de Burela e na BDNS.

Cuarto. Contía dos premios:

Haberá tres categorías (de 6 a 12 anos; de 13 a 17 anos; de 18 anos en diante) e en cada unha delas haberá dous premios co mesmo importe para todas as categorías).

- 1º premio: lote valorado en 50 €.

- 2º premio: lote valorado en 30 €.

Quinto: Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes dende a publicación do anuncio destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

Burela, 14 de marzo de 2022.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R.0553

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO
CONFEDERACIÓN HIDROGRAFICA DO CANTÁBRICO

Anuncio

Expediente número: A/27/23374

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas

Peticionario: José Antonio Fernández González

Nombre del río o corriente: Manantial

Caudal solicitado: 0,025 l/seg.

Punto de emplazamiento: Parcela 2665 del polígono 90, Oselle

Término Municipal y Provincia: Becerreá (Lugo)

Destino: Riego

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS:

Arqueta de captación soterrada y conducción por tubería de PVC hasta depósito, desde el que mediante otra tubería se distribuirá el agua para riego.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Becerreá, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 8 de marzo de 2022.- EL RESPONSABLE DEL ÁREA CONCESIONAL, David Pérez Méndez-Castrillón.

R. 0521